



RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DA CONVOCATORIA DE 5 AXUDAS DE MOBILIDADE DE ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO QUE TERÁ LUGAR DO 3 AO 7 DE XULLO DE 2023, ORGANIZADO POR LEOPOLD-FRANZENS UNIVERSITÄT (AUSTRIA) NO MARCO DO PROXECTO ERASMUS+ KA2 STAMP

Primeiro.- Mediante Resolución Reitoral de 24 de marzo de 2023 na que se regula a convocatoria do epígrafe, unha vez publicada a Resolución provisional de concesión foron recibidas tres reclamacións en relación ao criterio de selección das materias do apartado 7 da convocatoria. En aplicación do apartado 8 da convocatoria, ditas alegacións foron remitidas á Comisión de avaliación para a súa proposta de resolución.

En aplicación do artigo 45.1b) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procede dar resposta conxunta ás reclamacións efectuadas polas seguintes persoas: ***4283** , ***9539** e ***3371** que foron atendidas pola Comisión de avaliación, a cal se ratifica nas puntuacións outorgadas.

Cabe indicar que dentro do apartado 7 da convocatoria relativo á avaliación e selección das solicitudes se especifica o criterio de selección das materias concretando a relación das materias que puntúan: contabilidade financeira avanzada, auditoría, análise contable, contabilidade de custos, contabilidade financeira I, contabilidade financeira II, réxime fiscal da empresa I, tributación, contabilidade financeira.

Segundo.- Polo exposto, esta Reitoría RESOLVE

- 1.- Publicar no anexo I a lista definitiva de axudas concedidas.
- 2.- Publicar no anexo II a lista definitiva de agarda por orde de preferencia.
- 3.- Publicar no anexo III a lista definitiva de persoas excluídas.

Terceiro.- De conformidade co establecido nos apartado da 9 da referida convocatoria infórmase:

As persoas beneficiarias deberán:

- a. Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación, e con todas as bases previstas nesta convocatoria.
- b. Permanecer matriculada na Universidade de Vigo durante o período que se realiza a mobilidade.
- c. Remitir á Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica, indicando na exposición de motivos como asunto “Bolsa mobilidade_OPI_proxecto Erasmus+ STAMP” a seguinte documentación para a xestión e xustificación da súa estadia:

CSV : GEN-dfb7-0e15-81c7-3994-5106-320b-da85-e3c0

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 01/06/2023 11:52 | NOTAS : F



c.1) A partir do día seguinte á publicación da resolución definitiva de concesión da axuda as persoas beneficiarias terán un prazo de 5 días naturais para:

- Presentar a aceptación ou renuncia da axuda.
- No caso de presentar a aceptación da axuda deberá acompañar una ficha de pagos por transferencia bancaria (modelo que será proporcionada pola OPI) e certificado da titularidade da conta bancaria xunto cunha copia do NIF ou documento equivalente para os trámites requiridos polos servizos contables. De non presentar a aceptación nese prazo, entenderase que renuncia. As renuncias posteriores ás aceptacións deberá presentarse por escrito dirixido á Oficina de Proxectos Internacionais e a través da sede electrónica. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

c.2) Antes do inicio da estada:

- Copia do itinerario de voo.
- Copia do seguro de viaxe realizado pola alumna/o que inclúa atención sanitaria, responsabilidade civil e repatriación ao longo de todo o período que comprenda a súa estada.

c.3) Unha vez finalizada a estada:

- Certificado orixinal de participación activa no proxecto GLOBDIVES pola universidade organizadora sen emendas nin riscos.
- Tarxetas de embarque.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo na data de sinatura electrónica
Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)
A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación
Belén Rubio Armesto

CSV : GEN-dfb7-0e15-81c7-3994-5106-320b-da85-e3c0

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 01/06/2023 11:52 | NOTAS : F





ANEXO I : LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS CONCEDIDAS

Nº de orde	DNI
1	***5989**
2	***9383**
3	***6176**
4	***1930**
5	***6378**

ANEXO II: LISTA DEFINITIVA DE AGARDA

Nº de orde	DNI
1	***4283**
2	***9211**
3	***4440**
4	***0850**
5	***8369**
6	***9539**
7	***8369**
8	***8363**
9	***3371**

ANEXO III: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS*

DNI
***9440**
***8256**
***6454**
***2896**
***8487**
***1281**
***8636**

*Motivo da exclusión: non presentados á entrevista en inglés

